

Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Persoal, oposicións

APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA CONFECCIÓN LISTAXES DE CONTRATACIÓN E NOMEAMENTOS DE PERSOAL TEMPORAL E CONVOCATORIA PARA PRESENTAR INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE AXUDANTE DE COCIÑA.

ANUNCIO

APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN E NOMEAMENTO DE PERSOAL TEMPORAL E CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE AXUDANTE DE COCIÑA.

Con data 19 de febreiro de 2020 aprobouse mediante Decreto nº 2020-0692, as Bases Específicas para a confección de listaxes de contratación e nomeamentos de persoal temporal na categoría de Axudante de Cociña, así como a aprobación da convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación deste anuncio no BOP.

No mesmo Decreto, resólvese unificar a lista resultante do proceso selectivo e a existente nunha única lista de substitucións na categoría de Axudante de Cociña, integrando nos primeiros postos os/as candidatos/as da listaxe anterior, por ter superado unha proba práctica que non se esixe nesta nova convocatoria o que lles acredita un mérito a máis, e de seguido os/as novos/as candidatos que superen o novo proceso selectivo por orde de puntuación.

As instancias polas que se solicita formar parte neste proceso selectivo, dirixiranse ao Alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras atópanse publicadas no taboleiro electrónico do Concello e na súa páxina web, www.pontearreas.gal, apartado de Oferta de Emprego Público.

Pontearreas, documento asinado electronicamente

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez

